

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 95 - 2026

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

A saúde é un dereito, enfermar non é delito!

O Partido Popular, á fronte da Xunta de Galiza, aprobou a modificación do “Plan de mellora da xestión e control da incapacidade temporal” (IT), seguindo o ditado da gran patronal, para converter as baixas médicas nun problema de control social e non nun problema de saúde laboral.

Por iso, a CIG ocupou, o pasado luns día 15 de xuño, edificios administrativos da Xunta e do SERGAS nas sete cidades galegas. Unha acción simultánea de protesta, baixo o lema “A saúde é un dereito. Enfermar non é delito”, para denunciar que, baixo o pretexto de combater o chamado “absentismo”, o goberno do PP o que fai é reforzar o papel das mutuas e orientar a actuación da Inspección cara á aceleración das altas médicas.

O PP, como parte da campaña de propaganda desenvolvida pola patronal e difundida día si, día tamén, polos seus medios afíns, pretende presentar as persoas traballadoras como responsábeis do incremento das baixas laborais.

Sobreexplotación laboral

A CIG leva meses denunciando que o chamado absentismo non é a causa do problema, senón o síntoma dun modelo laboral baseado na sobreexplotación, no avellentamento da poboación activa e nos recortes da sanidade pública.

PP e patronal facilitan que unha proposta de alta da mutua poida derivar nunha alta efectiva inmediata cando a Inspección considere suficiente a documentación presentada. Refórzase



a capacidade de influencia destas entidades privadas, cuxo principal interese é reducir os custos derivados das prestacións por incapacidade temporal e incrementar o seu beneficio, nunca a saúde das persoas traballadoras.

A Xunta reconece implicitamente o fracaso da súa política sanitaria ao xustificar unha maior intervención das mutuas polas demoras e listas de agarda existentes no sistema público. No canto de reforzar o SERGAS, aumentar persoal ou reducir

os tempos de espera, opta por afondar na privatización da asistencia sanitaria, exactamente o que desde a CIG vimos denunciando nos últimos anos.

Resulta tanto máis rechamante esta campaña cando, analizando os

datos, se confirma que Galiza é a nación do Estado con menor número de

persoas de baixa, ten unha clase traballadora avellentada, obrigada a prolongar a súa vida laboral, sometida a maiores ritmos de traballo e cun acceso máis lento á atención sanitaria.

Neste contexto, perseguir as persoas traballadoras enfermas e fortalecer o papel das mutuas non resolve o problema, trasládalle a presión ás e aos doentes.

Fronte ás políticas do PP, a prioridade ten que ser reforzar a sanidade pública, mellorar as condicións de traballo, reducir a xornada laboral e combater os factores que provocan enfermidade e desgaste laboral.

A Xunta reconece implicitamente o fracaso da súa política sanitaria ao xustificar unha maior intervención das mutuas polas demoras.

Mobilización e loita para conquistar convenios dignos e avanzar en dereitos

Fronte á extensión da precariedade e unha carestía imparábel, a clase obreira galega reaxe apostando pola mobilización e a folga para mellorar as súas condicións materiais de vida. Cunha patronal crecida na súa ofensiva mentres acumula máis ganancias cada día, a organización e o conflito na negociación colectiva convértese no camiño para podermos avanzar en dereitos laborais.



Así o entenderon as compañeiras e compañeiros do siderometal de Pontevedra e da Coruña, do comercio do metal de Pontevedra, do comercio de alimentación da Coruña, do comercio vario de todo o país ou dos sectores de cuidados relacionados coa atención á discapacidade, menores e infantil 0-3.

Todos estes colectivos iniciaron unha loita en demanda de convenios dignos e o dereito a unha negociación de proximidade, que son un exemplo para toda a clase traballadora galega. Porque o tempo que tardamos en ir á mobilización é o tempo que perdemos en gañar dereitos.

Metal en loita

Tras seis meses sen avances, o siderometal da provincia da Coruña acordou ir á folga en resposta ao secuestro da patronal e á estratexia de dilación da negociación do convenio, mentres se estende a precariedade e o persoal perde capacidade adquisitiva.

As tres primeiras xornadas constituíron unha demostración de forza e unidade con milleiros de persoas participando nos piquetes e nas mobilizacións da Coruña, Ferrol e Compostela que obrigou a patronal a acudir por primeira vez á mesa con intención real de negociar e darlle axilidade ao calendario de xuntanzas.

Porén, na seguinte cita, nunha mostra máis de soberbia e da súa falta de compromiso coa negociación, a patronal virou de estratexia, freando calquera avance e ameazando con limitar o carácter retroactivo do convenio. Diante deste bloqueo deliberado, o sector respondeu con contundencia secundando catro xornadas máis de folga e unha manifestación provincial na que participaron 8.000 persoas traballadoras do metal.

Esta firmeza e determinación obrigou ao empresariado a recuar e solicitar unha mediación, pero o persoal xa advertiu que, se as propostas patronais seguen sen satisfacer as demandas sociais, a folga continuará os días 30 de xullo e 2 de xullo, sen descartar novas convocatorias até lograr un convenio digno.

Traizón en Pontevedra

En canto ao siderometal pontevedrés, o conflito por un convenio colectivo digno pechouse en falso tras unha nova traizón de CCOO e UGT, cando a forza amosada polo sector nas tres xornadas de folga convocadas conxuntamente a bo seguro permitiría ter conseguido un acordo que supuxese melloras laborais reais. A indignación do persoal quedou patente na manifestación celebrada nas rúas de Vigo por iniciativa da CIG coincidindo co paro de 24 horas pro-

movido en solitario pola central sindical tras a claudicación dos sindicatos estatais de concertación.

O acordo entre CCOO e UGT e a patronal hipoteca o futuro do sector ao establecer un convenio a catro anos coa actualización salarial topada, o que se vai traducir nunha perda de poder adquisitivo tendo en conta o actual contexto inflacionista. Tampouco contempla ningunha das principais demandas das plataformas sindicais: subrogación entre empresas, xubilación anticipada, medidas eficaces contra o estrés térmico, regulación da contratación fixa discontinua ou limitación da subcontratación.

Fronte a isto, a CIG-Industria anunciou que comezará a visitar cada centro de traballo "para preparar a próxima batalla, para pelexar por melloras laborais concretas, sobre todo para as persoas traballadoras que se atopan en peores condicións", ao tempo que augurou que o persoal do sector rematará por retirarlle a súa confianza ás centrais estatais, "que van rematar por perder boa parte da representación no metal".

Comercio do metal

Ao igual que o siderometal, o sector do comercio do metal da provincia de Pontevedra púxose en pé de guerra en demanda de mellores condicións



laborais e para forzar a negociación do convenio colectivo tras ano e medio caducado. Tras a ruptura dos contactos coa patronal o pasado mes de xaneiro despois de que os sindicatos con representación na mesa (a CIG, CCOO e UGT, sendo a central nacionalista maioritaria no sector) abandonaran a última xuntanza ante as propostas regresivas do empresario, o persoal comezou un calendario de mobilizacións.

Primeiro desenvolvendo concentracións e manifestacións e posteriormente convocando tres días de folga conxuntamente co metal e un en solitario, xornadas nas que as persoas traballadoras do sector amosaron o seu contundente rexeitamento á pretensión da patronal de eliminar a cobertura do 100% dende o primeiro día en caso de baixa e de suspender durante dous anos a aplicación do artigo que impide que as empresas poidan absorber os pluses que superen as condicións salariais fixadas en convenio.

Comercio de alimentación

O pasado 29 de maio, máis do 80% do persoal do comercio de alimentación da Coruña secundou a primeira xornada de folga para reivindicar incrementos salariais que saquen da pobreza as persoas traballadoras e unha mellora substancial nas condicións laborais e sociais. Unha resposta nunca antes vista na provincia neste sector, que non convocaba folga polo seu convenio dende o ano 2009, e que se deu malia as coaccións das empresas para impedir o exercicio deste dereito fundamental.

Milleiros de compañeiras e compañeiros demostraron nas rúas que



non van seguir aturando máis abusos nunha actividade considerada esencial e menos aínda cando as empresas baten récords de beneficios ano tras ano.

A pesar do rotundo éxito da folga, a patronal, encabezada por Gadis e Froiz, despois de oito reunións continúa sen ofrecer “nada de nada” e incluso sen fixar un calendario de reunións. Ante esta falta de avances, o persoal acordou dar un paso adiante e intensificar o conflito con catro xornadas máis de folga para os días 21, 22, 23 e 24 de xuño, nas tendas e almacéns loxísticos.

Convenios galegos

Exemplar resulta a loita que as traballadoras do comercio levan meses desenvolvendo para impedir que a gran patronal do téxtil e do calzado, agrupada na asociación ARTE, imponha o primeiro convenio estatal neste sector. Unha centralización da negociación colectiva que ten como obxectivo recortar dereitos, laminar a representación sindical elixida polo persoal galego e dificultar a capacidade de decisión e resposta das persoas traballadoras.

A imposición deste convenio constata a necesidade de contar cun marco de negociación propio que blinde os dereitos xa recoñecidos e facilite avanzar na consecución doutros novos. Por iso, ante esta ofensiva das grandes multinacionais como Inditex, H&M, Mango ou Primark, as dependentas e a CIG reclámanlle altura de miras as patronais galegas e asinar xa un acordo interprofesional que protexa o acadado nos convenios provinciais do comercio.

De feito, tras a sinatura do convenio estatal por ARTE, CCOO e Feticio, abrir a negociación dun convenio galego para o sector é o camiño polo que continúa a loita para impedir que se consume este atraco.

Rachar coa precariedade que vén imposta pola negociación estatal tamén é o obxectivo do persoal dos centros de atención á discapacidade, menores e educación infantil 0-3, que dende hai máis dun ano están mobilizándose pola dignificación laboral e para que se recoñeza a súa profesionalidade. Reclaman ademais a implicación da Consellaría de Política Social que, malia ter as competencias para resolver os problemas estruturais que afectan a estes sectores, agóchase na inacción.

Aínda que cada sector ten as súa demandas propias, a prioridade común é mellorar as condicións laborais, sociais e salariais mediante a negociación colectiva, abrindo o Marco Galego de Relacións Laborais a través do Consello Galego de Relacións Laborais, no camiño de acadar acordos e convenios dignos e xustos na Galiza.



Por terra e por mar contra Altri e a mina de Touro

O pobo galego volveu demostrar na Illa de Arousa que hai causas que atravesan comarcas, sectores e xeracións, porque afectan o esencial: a defensa da terra, da auga e do dereito a decidir o futuro do noso país. Por iso, por terra, por volta de 10.000 persoas, e por mar, unhas 300 embarcacións, convertéronse nunha soa voz para proclamar que Galiza non está en venda, que non aceptará o espolio dos nosos recursos nin proxectos impostos, ao servizo de intereses empresariais alleos.

A mobilización volveu evidenciar que a oposición a Altri e á mina de Touro-O Pino é un inmenso movemento popular disposto a se enfrontar contra o goberno do PP, que pretende presentar estes proxectos como inevitábeis ou como sinónimo de progreso. Proxectos ante os que o pobo galego respondeu con dignidade e firmeza: non hai desenvolvemento posíbel cando se ameazan os ríos, as rías, a actividade produtiva e o modo de vida de milleiros de persoas.

A CIG, implicada desde o momento mesmo en que se coñeceu o alcance destes proxectos na loita por combatelos, reafirma o seu rotundo rexeitamento ao proxecto pasteiro de Altri, porque representa un modelo económico depredador baseado na explotación intensiva dos recursos naturais e na subordinación do territorio ás necesidades dunha multinacional. Un proxecto que compromete a calidade das augas do Ulla e da Ría de Arousa, que afonda na expansión desordenada do monocultivo forestal e que pon en risco actividades produtivas sustentábeis que xeran riqueza e emprego no país.

**Non chega co
arquivo do
proxecto de Altri,
ten que ser
enterrado e
esquecido para
sempre.**



Do mesmo xeito, rexeitamos a mina de Touro-O Pino porque supón a continuidade dun modelo extractivista que ameaza o territorio, a saúde e o futuro das comarcas afectadas. A explotación mineira non significa progreso nin desenvolvemento para Galiza: significa espolio dos recursos naturais, privatización dos beneficios e socialización dos impactos ambientais e sociais. É a vella lóxica colonial aplicada ao século XXI: deixar aquí a contaminación e levar fóra a riqueza.

A situación da Ría de Arousa converte esta loita nunha cuestión de país. Mentres sectores enteiros vinculados ao mar ven perigar o seu futuro, continúan impulsándose proxectos que aumentan a presión sobre ecosistemas xa gravemente afectados.

Defender o Ulla e a ría é defender milleiros de empregos, comunidades enteiras e unha forma de vida construída ao longo de xeracións.

Non chega co arquivo do proxecto de Altri, ten que ser enterrado e esquecido para sempre. O Presidente

da Xunta ten a obriga de explicar os compromisos asinados tanto con esta multinacional como coas empresas extractivas e, sobre todo, ten que explicar a cambio de que está disposto a vender a nosa Terra ao mellor ofertante.

A historia do noso pobo está feita de resistencia, de dignidade e de loitas colectivas. E unha vez máis, Galiza respondeu con voces e bucinas que, ao unísono, clamaron: fronte á resignación, organización; fronte ao espolio, defensa do territorio; fronte aos intereses das grandes empresas, a forza dun pobo que non renuncia ao seu futuro.

Coa mobilización do pasado domingo as galegas e galegos fixemos, máis unha vez, historia enviando unha mensaxe clara e inequívoca ao Partido Popular, por máis que os seus medios de comunicación a intentasen minimizar, censurar e agochar. Galiza non quere proxectos depredadores nin aceptar un papel colonial como territorio fornecedor de recursos. O pobo galego mobilízase para defender o seu dereito a vivir e traballar na súa Terra e para construír un modelo de desenvolvemento sustentábel, con emprego digno e ao servizo da maioría social.